

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA, PARA A FORMACIÓN DAS E DOS PROFESIONAIS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOBRE PERSPECTIVA DE XÉNERO E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA O ANO 2026

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Dona Belén Regueira Leal, Decana do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, con NIF Q15002621, nomeada segundo a reunión ordinaria celebrada o 20 de maio de 2024, actuando en nome e representación do mesmo, en virtude das funcións que lle outorga o artigo 20 dos seus Estatutos, aprobado por Decreto 61/2020, do 12 de marzo, polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN:

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



II. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III.- A Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, é o órgano superior da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero. No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización e formación, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Neste senso recolle a necesidade de velar por un tratamento axeitado da información no referido á violencia de xénero en Galicia, dedicando os seus artigos 9, 10 e 11 ao tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación. Concretamente o artigo 9.2 sinala que a Xunta de Galicia velará para que nos medios de comunicación de Galicia se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre violencia de xénero.

IV.- A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia adica todo o seu capítulo V, nos artigos 54 ao 60, á *Igualdade de xénero e medios de comunicación* e, en concreto, o artigo 58 que leva por título *Formación en igualdade* establece que a Consellería con competencias en materia de igualdade organizará actividades formativas dirixidas a profesionais da información coa finalidade de que adquiran as habilidades e coñecementos necesarios para que, no exercicio da súa profesión transmitan unha imaxe igualitaria e plural e non estereotipada de mulleres e homes.



V.- O 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres, 2023-2027. Neste Plan recóllese a Actuación 1.4.02 que sinala o seguinte compromiso: “ofrecer formación sobre perspectiva de xénero e prevención da violencia contras as mulleres a profesionais dos medios de comunicación, publicidade e novas tecnoloxías, garantindo a implicación dos colexios profesionais de periodistas como actores fundamentais da sociedade da información e a publicidade, e a Actuación 1.4.03 que recolle o compromiso de “xerar boas prácticas, materiais e sistemas para a avaliación e mellora continua da información de todas as formas de violencia contra as mulleres”.

VI. O 26 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

No seu epígrafe 1.3 denominado *Comunicación e Medios* insta a desenvolver medidas como a formación especializada en violencia de xénero para os e as profesionais dos medios de comunicación (medida 54), así como a establecer un acordo marco para a corregulación, a especialización e a formación de profesionais dos medios de comunicación e publicidade fomentando a perspectiva de xénero e un tratamento da información sobre a violencia contra as mulleres que non xustifique, banalice ou incite á violencia contra elas, que elimine estereotipos sexistas e que fomente a corresponsabilidade no ámbito doméstico (medida 55).

VII.- A Lei 2/1999, do 24 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, no seu artigo 1 sinala que: “créase o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins”.

A creación dun Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, como entidade de dereito público deberá servir para ampliar e consolidar a tarefa das e dos xornalistas desde as súas asociacións, tendo como obxectivos fundamentais a defensa do dereito á información e a auto esixencia profesional. Trátase dun paso máis na defensa do dereito da cidadanía a unha información veraz.



O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia ten entre as funcións recollidas no artigo 3 dos seus Estatutos as de “organizar cursos para a formación, actividades e servizos comúns profesionais para as persoas colexiadas”.

Os medios de comunicación teñen a obriga social de ser unha ferramenta para denunciar a violencia machista, concienciar á sociedade e servir de canle de difusión de mensaxes que contribúan á solución deste grave problema.

A formación das e dos profesionais dos medios de comunicación para o exercicio dun xornalismo responsable e con perspectiva de xénero axuda na prevención da violencia de xénero e, en última instancia, na protección das vítimas. A violencia de xénero forma parte da axenda mediática dende hai xa tempo, sendo necesario incorporar boas prácticas que permitan tanto a reflexión sobre un problema social de primeira orde, como a erradicación dunha realidade que lle custa a vida a medio cento de mulleres cada ano en España.

Polo anterior, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia considera importante colaborar coa Administración Autonómica Galega co fin de promover a igualdade entre mulleres e homes e de loitar contra a violencia de xénero, sendo, pola súa capacidade e pola súa implantación en Galicia, un medio idóneo para a realización das accións formativas.

VIII.- A Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia consideran de interese a sinatura dun convenio de colaboración para o establecemento, por parte desta entidade, de accións de sensibilización e formación en materia de igualdade e de loita contra a violencia de xénero. Con ditas accións, recollidas na cláusula primeira, cúmprese cun obxectivo de utilidade pública e de interese social, xa que se está a concienciar á sociedade sobre a importancia e a necesidade que supón a participación das mulleres en todos os ámbitos, así como tamén de erradicar calquera forma de violencia de xénero.

IX.- Así o exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade fomentará, coa concesión dunha subvención directa a través deste Convenio a favor do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, para a realización de accións de sensibilización social fronte á violencia de xénero e para a formación de profesionais en materia de igualdade e prevención e tratamento desta violencia no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.



A concesión directa dunha subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no que se prevé a posibilidade de exceptuar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é sensibilizar á cidadanía no rexeitamento frontal a todo tipo de violencia. Hai que ter en conta que é o único Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, que forma parte da Rede de Colexios Profesionais de Xornalistas e suma máis de 1.100 colexiadas e colexiados repartidos entre as sete demarcacións coas que conta en toda Galicia: Santiago, A Coruña, Vigo, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra e que é a única entidade que pode levar a cabo as ditas accións que se recollen neste convenio.

Polo tanto, xa que existe un interese mutuo coincidente, e para dar un axeitado cumprimento aos intereses xerais, as dúas partes acordan concertar este acordo consonte ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste Convenio é instrumentar unha subvención directa concedida pola Consellería de Política Social e Igualdade en beneficio do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, para a realización de accións de sensibilización social fronte á violencia de xénero e para a formación de profesionais en materia de igualdade e prevención e tratamento desta violencia, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

No ano 2026 o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia continuará coa celebración de obradoiros nos medios e estenderá a formación a xornalistas por conta propia, profesionais *freelance* e empresas audiovisuais que elaboran contidos para televisión. Trátase de facer chegar as ferramentas para mellorar o tratamento mediático da violencia de xénero tamén a medios pequenos e a empresas que elaboran contidos audiovisuais de tipo informativo.

Os obradoiros desenvolveríanse ao longo de todo o ano impartidos polas cinco integrantes do equipo de formadoras que se constituíu en 2025, todas xornalistas en activo, que se distribuirían nos diferentes medios evitando aqueles nos que exercen o seu labor.



Para a realización das accións obxecto do presente convenio, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia realizará as seguintes actuacións:

1. Xornada de reforzo ás formadoras. Realizarase unha xornada de formación antes de iniciar os obradoiros nos medios:
2. Obradoiros nas redaccións. Levaranse a cabo nove obradoiros impartidos nas redaccións dos medios polo equipo de formadoras, cunha duración aproximada de 3 horas cada un.
3. Coordinación e reforzo. Unha docente encargarse de coordinar e impartir sesións de reforzo no medio dos obradoiros para resolver dúbidas e problemas que puideran xurdir no seu desenvolvemento.
4. Maquetación e impresión do manual de estilo: *Violencia contra as mulleres nos medios de comunicación: Libro de estilo para xornalistas*. Realizarase unha distribución dixital e impresa que se porán a disposición tanto na web do Colexio de Xornalistas como nas súas redes sociais, así como no *Boletín do Colexio de Xornalistas*. Farase unha distribución do manual entre todas as persoas asistentes aos obradoiros-xornadas e porase a disposición de todos os e as profesionais da comunicación que o soliciten.

Segunda.- Financiamento

Para sufragar os gastos totais derivados do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade total de **quince mil euros** (15.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, para os gastos efectivamente realizados nesta anualidade derivados do desenvolvemento das accións previstas na cláusula primeira.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza das accións subvencionadas e que sexan realizados e pagados entre o **1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



A tipoloxía de gastos subvencionables correspóndese con gastos de persoal e demais gastos correntes para o desenvolvemento das accións recollidas na cláusula primeira.

Cuarta.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, que a desenvolve, mediante a presentación, por parte da entidade beneficiaria, da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da Entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de accións formativas realizadas, número de participantes e un resumo global dos resultados obtidos. Así mesmo, entregárase a dita memoria en formato editable. Como anexo a dita memoria debe achegarse unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Consellería de Política Social e Igualdade.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da Entidade, na que se relacionen os gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e as datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior **e a documentación acreditativa do pagamento, seguindo a orde indicada na relación do punto anterior**. No caso de non achegarse os orixinais acompañárase unha declaración asinada polo órgano competente da Entidade indicando que a documentación orixinal que acredita o pagamento está en poder desta.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- **Gastos de persoal:** Relación nominal dos/as traballadores/as que se inclúen como xustificación das accións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome e NIF da persoa traballadora, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das



retribucións, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento achegando os xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social (RLC).

- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que impliquen **ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación**, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto: factura, nómina ou documento equivalente, no que se reflecta o importe da retención ou cotización xeradas na data de xustificación quedando a Entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

Os gastos da entidade terán que adaptarse aos conceptos de gasto consignados aínda que poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades a estes conceptos nunha contía máxima dun 10% do importe da axuda concedida, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación se aplique a conceptos de gasto non autorizados.

Á vista desta documentación a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade comprobará a realización das actividades que conforman as accións obxecto deste convenio e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado este cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.



Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación. A Consellería de Política Social e Igualdade reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **4 de decembro de 2026**.

Quinta.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin un modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Sexta.- Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola Entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas, da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétima.- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula quinta, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos



orxamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

Oitava.- Obrigas da entidade beneficiaria

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización destas actuacións, así como o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice, o logotipo da Xunta de Galicia así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos incluíndo o logotipo do Ministerio de Igualdade ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelá se esta é a elixida pola persoa interesada.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos



recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Política Social e Igualdade.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Novena.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décima.- Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal, que no seu caso, precise para o seu desenvolvemento.



A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo primeira.- Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das accións que se pretenden subvencionar a través deste convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar, cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen ás accións subvencionadas, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das accións que se pretenden subvencionar a través deste convenio o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción.



Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Décimo segunda.- Protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.



4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten en dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



Décimo cuarta.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Décimo quinta.- Réxime xurídico do convenio

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, e subsidiariamente, e para o caso de formularse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño e polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



Se o acto fora expreso, poderá formular un recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderá interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo:

Décimo sexta .- Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de de Loita contra a Violencia de Xénero, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Décimo sétima.- Vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, os gastos das accións a subvencionar a través do presente convenio que realizase o Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano na data da sinatura dixital.

A Conselleira de Política Social e Igualdade

A Decana do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia

Fabiola García Martínez

Belén Regueira Leal

